

DATA DE  
RECEPCIÓN:  
01/06/2020


DATA DE  
ACEPTACIÓN:  
07/07/2020

*As mulleres como axentes literarias na LIX  
do século XXI*

Roig Rechou, Blanca-Ana, Isabel Soto  
López e Marta Neira Rodríguez  
(coords.)

Vigo: Edicións Xerais de Galicia  
2018, 512 pp.

(ISBN: 978-84-9121-473-1)



RECENSIONES/ RESEÑAS / REVIEWS

**Alba Rozas Arceo**

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades  
ORCID <https://orcid.org/0000-0003-4745-2277>, [idal\\_mg@hotmail.com](mailto:idal_mg@hotmail.com)

83

Non se pode esquecer o papel fundamental que están a exercer as mulleres no presente século para o desenvolvemento da Literatura Infantil e Xuvenil (LIX), unha produción imprescindible para o estímulo das capacidades de escritura e expresión dos máis novos. Coa aproximación que representa o monográfico *As mulleres como axentes literarias na LIX do século XXI* preténdese tanto poñer en valor e facer visibles as diferentes actividades realizadas por mulleres no eido da LIX coma ofrecer unha adecuada selección de obras de autoría feminina destinadas á nenez e á mocidade.

Este volume, xurdido ao abeiro da Rede temática de investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI), resulta imprescindible á hora de facilitar un estudo sistemático da función desempeñada polas mulleres no tocante á produción, difusión e recepción da literatura para a nenez e a mocidade durante o presente século. Con este propósito, a experta investigadora en

Rozas Arceo, Alba (2020).

*As mulleres como axentes literarias na LIX do século XXI* (2018),  
*Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil*, 7, "Recensiones", 83-88. ISSN 2386-7620

Literatura Infantil e Xuvenil, Blanca-Ana Roig Rechou, xunto ás outras dúas coordinadoras, Isabel Soto e Marta Neira Rodríguez, tamén especialistas do mesmo eido, achegan unha serie de estudos e reflexións, dentro dos ámbitos ibérico e iberoamericano, cos que pretenden facilitar un coñecemento máis profundo e sistemático sobre a función das mulleres a prol da LIX, atendendo ao obxectivo último de propiciar a formación de lectores competentes.

O monográfico iníciase cunha “Introdución” que pon de manifesto, de maneira clara e precisa, o principal motivo de elaboración da obra, a cal responde á necesidade de paliar o descoñecemento metódico do papel das mulleres como impulsoras da Literatura Infantil e Xuvenil en dous amplos ámbitos xeográficos como son o da Península Ibérica e o latinoamericano. Do mesmo xeito, preséntanse, mediante unha breve descrición xeral e de índole divulgativa, as múltiples análises e perspectivas críticas que integran o volume.

En canto aos contidos da obra, especifícase, en primeiro lugar, a proxección do marco cronolóxico, que se centra maioritariamente no século XXI. Non obstante, cabe salientar que a introdución de referenciais cruciais a etapas anteriores garante a comprensión e completeza de cada unha das análises.

En segundo lugar, no tocante á estrutura do volume, o marco espacial escollido propicia a inclusión dun total de sete estudos de carácter xeral correspondentes, por unha banda, ás literaturas ibéricas, isto é, castelá, catalá, galega, portuguesa e vasca e, por outra banda, ás iberoamericanas, neste caso, as literaturas brasileira e mexicana. A raíz do estudo destas literaturas, o libro complementase con dous apartados máis de especial relevancia. O primeiro inclúe unha selección de obras narrativas, poéticas e dramáticas de Literatura Infantil e Xuvenil escrita por mulleres durante os séculos XX e XXI. O último apartado intégrano unha serie de recensións sobre as obras seleccionadas. Finalmente, neste limiar explícase que as análises recollidas aparecen na lingua orixinal correspondente ás literaturas estudadas. Así e todo, no caso do éuscaro, os estudos aparecen en castelán e van acompañados da tradución galega para facilitar a comprensión e o achegamento aos contidos. Trátase, en conxunto, dunha serie de investigacións que sobresaen por estar destinadas tanto aos mediadores e profesionais dedicados ao fomento da lectura como ao público xeral, interesado en ampliar coñecementos sobre a literatura de autoría feminina para a infancia e a mocidade.

A continuación, sitúase o capítulo dedicado ás “Panorámicas do ámbito ibérico”.



O apartado inicial, a cargo de Jaime García Padrino, titúlase “La mujer en la creación de la literatura infantil y juvenil española del siglo XXI (2001-2015)”. Nel, o especialista da Universidad Complutense de Madrid ofrece, a partir da recapitulación do vínculo entre a muller e a literatura infantil dende o século XIX, un estudo das obras literarias infantís e xuvenís escritas por mulleres en castelán nos primeiros quince anos do noso século. Con respecto a esta achega, salienta o feito de que, á hora de examinar os trazos temáticos e estilísticos máis relevantes e tirar conclusións deles en relación ao xénero, García Padrino recorre á análise da presenza de autoras na poesía, no teatro e na narrativa para a infancia e a mocidade, segundo os premios outorgados por diferentes institucións e editoriais.

O segundo apartado do volume, “Autores en la literatura infantil i juvenil catalana del segle XXI: Una visió panoràmica”, constitúe un estudo de Caterina Valriu Llinàs da Universitat de les Illes Balears e de Moisés Selfa Sastre da Universitat de Lleida. Nesta análise destaca o exame que os especialistas levan a cabo da relevancia cualitativa e cuantitativa das narracións infantís e xuvenís en lingua catalá, escritas e ilustradas por mulleres na actualidade. Valriu e Selfa subliñan que esta liña de produción literaria se inicia a finais do século XX e vaise adaptando, nos planos estilístico, ilustrativo e temático, ás preferencias do público infantil e xuvenil hoxe en día, marcadas polo cotián, o realismo, a aventura, o misterio e a funcionalidade da fantasía, a guerra ou o amor. Aínda que en menor medida, tras os álbums ilustrados e as narracións infantís e xuvenís, os estudosos tamén exploran as características das obras poéticas e teatrais escritas por mulleres. A achega recolle aquelas obras de autoras nadas a finais de 1960 que publicaron este tipo de obras no presente século. Por último, ambos os dous investigadores afondan con minuciosidade no labor das figuras femininas na edición, na crítica e, en xeral, na investigación da Literatura Infantil e Xuvenil.

O seguinte apartado da obra, “As mulleres na LIX galega do século XXI”, é responsabilidade de Carmen Ferreira Boo, Carmen Franco Vázquez e Marta Neira Rodríguez, investigadoras da Universidade de Santiago de Compostela, do Instituto de Ciencias da Educación e do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. O carácter innovador desta análise reside no uso dunha clasificación establecida de antemán na que entran en xogo os principais grupos de autores que irromperon no panorama literario galego de 1980 e 2000 e contribuíron a consolidar a LIX. As tres



especialistas achéganse á obra de diferentes escritoras que contan con produción no século XXI. En concreto, segundo as autoras procedan da “Xeración do 68”, da “Xeración dos 90”, da “Xeración Google” ou da literatura institucionalizada estúdanse, nos ámbitos estilístico e temático, as súas contribucións á LIX galega no ámbito da narrativa, da poesía e do teatro, de acordo coa súa consideración de “Voces consolidadas” e “Novas voces”. Para rematar, Ferreira, Franco e Neira dan conta da relevancia e da situación da ilustración levada a cabo por mulleres na LIX galega que arrinca no século XX e desputa na actualidade.

O terceiro apartado, que leva o título “Escrita de autoría feminina para a infancia e a juventude, em Portugal: uma panorâmica”, constitúe unha achega de Ana Margarida Ramos, da Univerdade de Aveiro, de José António Gomes, do Instituto Politécnico do Porto, e de Sara Reis da Silva, da Universidade do Minho. Aínda que o estudo se centra na LIX portuguesa dos últimos anos, apúntanse os antecedentes destas creacións, que se remontan ás últimas décadas do século XX, para despois afondar nas obras de diferentes escritoras publicadas xa neste século. Un dos aspectos máis transcendentais deste exame é que, a partir da distinción entre autoras consolidadas e novas voces, sen esquecer o labor das ilustradoras, Ramos, Gomes e Reis salientan os aspectos máis innovadores da produción estudada e os seus referentes. Ademais, afondan na repercusión que estes últimos teñen, desde o remate do pasado século, sobre a renovación e consolidación da literatura portuguesa infantil e xuvenil máis recente.

Para rematar o capítulo, no cuarto apartado, “Con voz de mujer: última literatura infantil y juvenil en euskera”, Mari Jose Olaziregi Alustiza e Ainhoa Urzelai Vicente, ambas as dúas especialistas da Universidade do País Vasco, exploran, desde o punto de vista crítico do feminismo, a relevancia que ten hoxe en día a autoría feminina na literatura escrita en lingua vasca para os máis novos. Na súa aproximación, sobresa a panorámica que Olaziregi e Urzelai trazan sobre o desenvolvemento dos estudos feministas durante as décadas de 1980 e 1990, apuntando a repercusión da LIX vasca escrita por mulleres no século XXI. A continuación, a achega complementase cunha serie de obras representativas desta literatura, escritas polas autoras máis coñecidas dos últimos anos. A partir da análise individual e pormenorizada dos textos seleccionados, isto é, as características relativas á temática, ao estilo, ás personaxes, aos narradores e mesmo ás ilustracións que presentan, as especialistas reflexionan sobre a existencia ou non de trazos definitorios desde o punto de vista do xénero.



A seguir, as “Panorámicas do ámbito iberoamericano”, que constitúen o terceiro capítulo do volume, inicianse cunha investigación titulada “Literatura infantil e juvenil brasileira: O bordado das letras no feminino”, a cargo de Silvana Augusta Barbosa Carrijo, da Universidade Federal de Catalão, e de João Luís Ceccantini, da Universidade Estadual Paulista en Assis. De modo singular, Barbosa e Ceccantini establecen como punto de partida do seu estudo a chamada fase de renovación da LIX brasileira, que ten lugar cando esta produción deixa de concibirse cunha intención didáctica e moral a prol da calidade estilística, de 1970 en adiante. De acordo con este precedente, presentan a situación da literatura brasileira escrita por mulleres para os máis novos. Ademais, ofrecen unha selección de obras de narrativa, poesía e teatro, das autoras máis destacadas da fase de renovación –entre as que sobresaen Marina Colasanti, Lygia Bojunga e Ana Maria Machado–, examinando con detemento a temática, o estilo e a concepción do xénero feminino que presentan.

Por último, no apartado “Las mujeres en el hecho literario de la Literatura infantil y juvenil mexicana del siglo XXI”, Laura Guerrero Guadarrama e Itzel Vargas, da Universidad Iberoamericana de Ciudad de México, estudan, desde unha perspectiva académica e de xénero, a función das escritoras, editoras, tradutoras, ilustradoras e investigadoras no panorama da literatura mexicana para a nenez e a mocidade no presente século. Froito do exame temático e estilístico desta produción, é mester resaltar como Guerrero e Vargas detectan, en correspondencia coas contraposicións propias da posmodernidade, modalidades opostas á visión tradicional desta literatura. A súa aproximación complementábase cunha listaxe de mulleres, responsables da produción da LIX mexicana do século XXI, que pretende contribuír a novas análises neste eido.

Alén das dúas panorámicas descritas, na liña da meirande parte dos volumes que compoñen a colección na que se integra a monografía presentada, no cuarto capítulo, “Unha selección para a educación literaria”, os membros da Rede LIJMI achegan un total de oitenta e sete referencias bibliográficas da Literatura Infantil e Xuvenil castelá, catalá, galega, portuguesa, vasca, brasileira e mexicana do século XXI. Trátase, maioritariamente, de obras de escritoras que xa contaban con produción no século XX pero tamén se inclúen, aínda que en menor medida, outras voces máis recentes.

O volume remata cun quinto capítulo, “Comentarios cara á formación lectora”,



responsabilidade tanto de membros de diferentes ámbitos da Rede LIJMI como de outros estudosos e estudosas convidados. Nas súas páxinas destaca unha serie de recensións críticas de arredor de vinte e cinco obras representativas da produción narrativa, poética ou teatral, de autoría feminina destinada aos máis novos. A produción examinada intégrase no ámbito das literaturas ibéricas e iberoamericanas estudadas e está constituída, en xeral, por títulos publicados no século XXI, aínda que tamén aparecen títulos da centuria anterior.

Resulta imprescindible facilitarlles aos mediadores da lectura, dende familiares, bibliotecarios, profesores até lexisladores educativos, estudos sobre o labor fundamental das mulleres no relativo á creación, ilustración, tradución, edición ou investigación da LIX nos nosos tempos. Por esta razón, convidamos a todos os interesados neste ámbito literario, xa como estudosos, xa como mediadores, a mergullarse nas diferentes achegas deste completo monográfico.

